

LA LEYENDA DE LA CORONA DE FUEGO

Cuenta la leyenda que el Palacio Condal de Monforte y el Monasterio de San Vicente do Pino estaban comunicados mediante un pasadizo subterráneo. Pasadizo que aprovechaba el clérigo durante los viajes del conde Don Pedro Fernández de Castro para acceder a palacio y cortejar a su hermosa hija. La relación amorosa se trunca cuando, a la vuelta de una de sus salidas de la ciudad, el Conde de Lemos descubre la traición. Tras lo ocurrido, decide mantener la calma y urdir una cruel venganza. Todavía enfurecido, cita al abad en una gran comida y, a la hora del postre, manda traer una corona calentada al rojo vivo con la que realiza la coronación causándole la muerte inmediata.



Anxo Ledo amboage

2º de Primaria

LA MADRE DEL DIABLO

Cuentan que el diablo en su viaje desde las tierras de Monforte hacia Fisterra iba acompañado de su madre en una escoba...

Pero, hartado de sus reprimendas, al llegar a las tierras de Fonte Arcada la expulsó de la escoba chillando "Eiquí quedas clavada" que dio origen a toponimia de Chantada.



Anxo Ledo amboage

2º de Primaria

A PENA DAS MALAS MULLERES (BELESAR)

A ROCHA MALDITA. Próximo á ponte de Belesar, subscribe Costa, "resalta sobre a superficie do río, a maneira de illote disforme, un gran peñasco semellante a unha chepa das augas; dásele un nome novelesco: A pena das malas mulleres. "Por tradición sábese soamente que un enganado marido, habitante de Belesar, recluíu no peñasco á súa muller en castigo da infidelidade en que houbo de sorprendela. Non se sabe se a adúltera morreu desesperada no illado recinto ou se a perdoou ao fin o cruel Otelo de Belesar".



OUTRA VERSIÓN DA PENA DAS MALAS MULLERES

Esta pouco coñecida lenda do século XIX segue a tradición oral dun home que descobre a través dunha xanela dunha adega a infidelidade da súa muller. Incrédulo á visión de desatado fornicio co seu amor (un vendedor ambulante de viño) do cal ambos estaban a traballar na súa casa (el con tarefas de viña e ela en labores da casa). Desesperado, correu como un poseso á súa humilde casa a beiras do río e alí esperou exasperado ata que chegase a súa muller. Segundo entrou pola porta agarroulle polos cabelos e emitindo grandes improperios arrastrouna a beiras de Miño coa finalidade de afogala. Empuxouna con tal forza que apenas lle deu tempo á muller emitir un pequeno queixume. Caeu en picado, levantando unha gran masa de auga e ao saír a coller a primeira bocanada de aire gritou auxilio varias veces xa que non sabía nadar.

O marido impasible observaba a escena con ollos diabólicos, facía moito frío e o río emitía unha pequena néboa que parecía moi densa á luz da lúa. Pero a muller tivo fortuna e foi parar a un pequeno illote que lle salvou de morte segura. O home, confuso pola situación, tirouse ao río e nadou como puido ata a rocha onde golpeou á muller e ao caer levantouna polos pés e meteu medio corpo dentro da auga, gañando a morte.

Contan que nese momento o home espíuse completamente e volveu nadando á beira do río. Un veciño gritoulle moitas veces pero el continuaba nadando entre a rochosa beira e tras pouco tempo foise metendo andando aos poucos no río ata que desapareceu. En febreiro de 1848 apareceu un cadáver na pena cos seguintes acenos: "a súa altura 5 pés e 3 polgadas, completamente espido, sen pelo nin epidermis en todo o seu corpo, nin uñas nin cicatriz algunha, achándose carcomidas parte da coxa esquerda e planta do pé dereito e a cara, na cal se conservaba toda a dentadura".

A maioría dos veciños coincidían en que era o home que afogou á súa muller na mesma pena que apareceu. Cando o ían a sacar da auga o cadáver foise afundindo lentamente ata desaparecer da vista dos presentes. Desde entón comezaron a chamarlle A pena das malas mulleres e a terrorífica visión do cadáver espido, sen pelo (pola maceración cutánea) e cun aceno sarcástico fixo crer que a criatura que vivía nas profundidades do Miño tivo algo que ver.

Creron os aldeáns que aquela noite do crime, o asasino foi chamado por esa entidade (a mesma que facía envorcar as barcas de paso e cobrarse as súas vítimas) e comeu todo o seu pelo, ao crer que así podería desaparecer a súa cola de peixe. Como non foi así se asaíou co cadáver e propinoulle varias dentadas. Os barqueiros e pescadores evitaban pasar preto da sinistra rocha, o morto pelado como adoitaban dicir aínda deixa verse de cando en vez co seu cadavérico sorriso.



Anxo Ledo amboage

2º de Primaria